

**Acta núm. 19/2022.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 22 de novembro de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.  
Non asiste: José Luis Sampedro Bouzas.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 22 novembro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2022, DO 08.11.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 6º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) CORRECCIÓN DE ERROS.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2022, DO 08.11.2022.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 08.11.2022, acta núm. 18/2022.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ELENA LAGO LAMAS, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Guisande, Os Ánxeles:

- .- Construír un alpendre de 17 m<sup>2</sup> construídos, en bloque de formigón revestido e cuberta plana, para gardar apeiros de labranza, dunha única planta e escasa entidade construtiva.
- .- Construír un peche de 3 filas de bloques de formigón, ata unha altura máxima de 1,20 m., revestido, pintado e con reixa metálica por enriba, ata unha altura máxima de 1,80 metros; parte en contacto coa vía pública.
- .- Instalar un portalón de acceso no peche da parcela.

A parcela (referencia catastral 6534605NH2463S0001ER) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O alpendre situarase mínimo a 3 metros dos lindeiros.
- O peche situarase mínimo a 5,5 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 120,62 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 185,19 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADRIÁN IGLESIAS SÁNCHEZ, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Coruxido 27, Bastavales, coas seguintes características:

- Construción de peche polos dous lindeiros laterais da mesma, e pola parte posterior, que da fronte a un camiño de monte.
- Instalación dunha baranda de protección de 1,10 metros de altura sobre muro tradicional existente e con fronte o camiño de acceso á vivenda, tal e como se indica na memoria presentada.

- O peche a executar (3 tramos, de acordo coa planimetría e o orzamento aportados), farase con postes de formigón prefabricado e arame ata unha altura de 1,50 metros.

A parcela (referencia catastral 7002704NH2470S0001TE) onde se van executar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche traseiro con fronte ao camiño de monte, en todo caso, deberá de afastarse do eixo do mesmo un mínimo de 4 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,00 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 164,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUÍS GUTIÉRREZ MOLINA, na que comunica que vai facer un pozo de barrena para uso doméstico, en Vilas, Bastavales.

A parcela (referencia catastral 6924806NH2462S0001XP) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1). A aldea de Vilas está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE6, e segundo informe do arquitecto municipal, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, en base a Instrución de 8 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución de Augas de Galicia de data 18.10.2022, (clave DH.B15.82365) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O pozo afastarase a máis de 3 metros dos lindes da parcela.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,86 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 95,43 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Isabel Suárez Prol, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA FINCA REXISTRAL 27619, na que comunica que van facer un pozo de barrena para abastecer de auga a piscina da comunidade de propietarios sita na Urbanización Monte Balado (Os Ánxeles). O pozo situarase a 4 m. dos lindeiros da parcela.

A parcela (referencia catastral 6550708NH2465S0001GG) na que se se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 (UC-3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución de Augas de Galicia de data 29.06.2022 (clave DH.B15.82549), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 104,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 169,37 euros.

### **TERCEIRO.-LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar a modificación dun tramo de liña de baixa tensión (retranqueo de liña), con desmonte de 3 liñas aéreas, un tramo aéreo novo (9 metros) e nova liña soterrada de 14 metros lineais en gabia de 0,40 X 1 metro de profundidade, en Brión de Abaixo 31, Brión, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 11.04.2022, nº de visado 22200714.

A parcela (referencia catastral 15013B506002570001QJ) onde se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (RC).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 03.11.2022 (clave DH.W15.84826), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 235,97 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,19 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 111,76 euros.

### **CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de NATIVIDAD PARDAL PARDAL e ÓSCAR PEDREIRA REGUEIRA, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Souto 18, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.11.2022 (expediente 2206078).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5836403NH2453N0001LG) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), dentro da zona de policía de leitos dun rego innominado.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 14.01.2022 (expediente DH.W15.81962) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.11.2022 (expediente 2206078).

- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (26,36 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- . A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- . Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 26,36 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas

no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 18 de novembro de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.400,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 257,32 euros.

Total: 2.657,32 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de BEGOÑA CASTRO GENS e ALBERTO GARCÍA BUSTO, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Souto 19, Os Ánxeles, segundo o proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 27.10.2022 (expediente 2205955).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5836402NH2453N0001PG) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), dentro da zona de policía de leitos dun rego innominado.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 14/01/2022 (expediente DH.W15.81960) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 27.10.2022 (expediente 2205955).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (24,33 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
  - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
  - Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
  - Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).
- Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 24,33 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 18 de novembro de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.400,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 264,32 euros.

Total: 2.664,32 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Inés Vázquez Sayáns, que di actuar en representación de JUAN JOSÉ NIETO COBAS, solicitando licenza para rehabilitar e ampliar unha vivenda unifamiliar en A Igrexa 5, Luaña, segundo o proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Inés Vázquez Sayáns, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15.06.2022 (expediente 2202072).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 9446610NH1494N0001ZD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1). Atópase dentro do ámbito de protección do contorno do templo parroquial, do Cruceiro da Igrexa I e do Cruceiro da Igrexa II, incluídos todos eles no catálogo do PXOM coas claves identificativas LE4- LC5, LC4 e LC3, respectivamente, e da zona de protección da estrada DP-1301 de titularidade da Deputación da Coruña.

A Xunta de Goberno Local, á vista das autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 11/10/2022 (expediente 1525/22) e da Deputación da Coruña, de data 26/10/2022 (expediente 2022000035057) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Inés Vázquez Sayáns, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15.06.2022 (expediente 2202072).

- Como garantía das obras de urbanización dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están

obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.186,39 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 3.282,42 euros.

#### **QUINTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN IGLESIAS DE LA IGLESIA, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Saime 28, Bastavales.

Con data 22.03.2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Saime 28, Bastavales, segundo proxecto de execución asinado polos arquitectos María Cruz Lijó Pérez, Flavia Piñeiro Ces e Francisco Prieto Orallo, que conta con visado colexial nº 2106763, de data de 22.11.2021, e documentación posterior con datas de visado de 07.03.2022 e 10.03.2022.

Con data 05.04.2022 a Xunta de Goberno Local rectificou o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado nos seguintes termos: Onde di María Cruz Lijó Pérez, debe dicir: María Cruz Vigo Castro.

Con data 21.06.2022 a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación da licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22.03.2022, con arranxo ao novo documento técnico achegado de data de visado colexial de 08.04.2022, (expte. 2106763.6), redactado polos arquitectos María Cruz Vigo Castro, Flavia Piñeiro Ces e Francisco Prieto Orallo, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros; no que se recolle que a superficie real da parcela é de 925 m<sup>2</sup>, e coincidente cos datos da concentración parcelaria e do Rexistro da Propiedade, e, no presente caso, en virtude dos aliñamentos oficiais sinalados polo PXOM sobre a totalidade da fronte da parcela, non hai cesión para viais.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos María Cruz Vigo Castro, Flavia Concepción Piñeiro Ces e Francisco Javier Prieto Orallo, o 21.09.2022, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores o 29.09.2022, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, autorizando ao interesado o mantemento en precario do fronte da parcela, con destino ao viario público, co compromiso de proceder ao remate das obras de urbanización, recheo, nivelación coa estrada e pavimentación, cando se proceda a execución do muro de peche do fronte da parcela, no prazo máximo dun ano, e deixando en garantía o aval xa depositado de 900 €, segundo compromiso asinado pola parte interesada con rexistro de entrada no Concello do 02.11.2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

#### **SEXTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Fernández Echeverría, que di actuar en representación de O PECADO DE XANTAR, S.L., na que solicita o cambio de titularidade dunha licenza para a construción de 11 vivendas unifamiliares adosadas, no lugar de Sabaxáns, Bastavales, concedida en Xunta de Goberno Local do 27/02/2006, a Construcións Berdullas e Loureiro SL.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra para construír 11 vivendas unifamiliares adosadas, no lugar de Sabaxáns, Bastavales, concedida pola Xunta de Goberno Local o 27.02.2006, a nome de Construcións Berdullas e Loureiro SL, pasando a ser titular da licenza de obra O PECADO DE XANTAR S.L., con CIF: B-70445895, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

#### **SÉTIMO.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

a) Detectouse un erro material na concesión da licenza de obra maior outorgada a INÉS MARTÍNEZ MARTELO e ÁNGEL LÓPEZ CRESPO, pola Xunta de Goberno Local o 25.10.2022, para a construción dunha vivenda unifamiliar e unha piscina en Brans de Abaixo 41, Brión.

Segundo o informe da arquitecta municipal comprobado o plano de situación do proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.05.2022 e documentación complementaria visada con data 13.10.2022 (expediente 2107394), existe un erro material na referencia catastral da parcela do informe técnico que serviu de base para a obtención da licenza, erro numérico que non inflúe na situación física da parcela, nin na clasificación do solo, e que polo tanto non afecta ao resto do contido da licenza concedida.

Vistos os informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no artigo 109.2 da Lei 9/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a instancia dos interesados, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado nos seguintes termos:

Onde di: referencia catastral nº 7066205NH2476N0001JT.



Debe dicir: referencia catastral nº 7066206NH2476N0001ET.

**OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González